


BLOG ASOCIACIÓN AMIGOS DE FRANCISCO CARBALLO

MANUEL VIDAL, UN PRESBÍTERO ILUSTRADO DE MACEDA


Escrito por **Fcarballo** el 15-09-2017

Con ese suxerente título acaba de saír do prelo [agosto, 2017] o novo libro do investigador Santiago Prol; mesmo coa xenerosidade de Paco Nóvoa -fillo predilecto de Maceda- e da man do seu Grupo Academia Postal Editores. Neste sólido volume do ensaísta macedán, aparece citado Francisco Carballo na “Nota preliminar” (I), no capítulo “O rexionalismo” (II) e en “Última xeira e recoñecementos” (III). Imos avanzar os tres fragmentos, agora que o libro de Santiago Prol (363 páx.) está xa na rúa: “Ao longo da primavera de 2001 traballamos en Marín (Pontevedra) -con Xan Carballa- nas *Conversas con Francisco Carballo* (ANT, 2002). Un dos temas que queriamos peneirar era a figura de Manuel Vidal, co que o historiador amosaba non poucas concomitancias: presbíteros, ilustrados, docentes, motivadores, empáticos, investigadores, ensaístas, escritores comprometidos con Galicia -aínda que dende cosmovisións diferentes-... Ademais os dous exercían de macedáns dende o “seu exilio” (I).




“Na reflexiva columna *O rexionalismo de Manuel Vidal*, imprentada no semanario *A Nosa Terra* (20/12/2001), Francisco Carballo salienta que este crego ilustrado aparece retratado nos *Contos d'antano e d'hogano* (1920) cun galego popular que rexeita os enxebrismos e os cultismos, non os dialectalismos. Sempre empeñado no uso do galego tal e como se fala e preservando o castelán culto para outros mesteres. Logo encadra sinóptico o pensamento ideolóxico do presbítero ilustrado de Maceda, dentro do convulso contexto histórico que lle tocou vivir: “Vidal é un home do rexionalismo, da canteira ourensá de 1880 e seguintes, entre o integrismo teolóxico de Casas e os aires renovadores de Basilio Álvarez, Rei Soto, Vales Faílde, Marcelo Macías. Amigo de Lamas Carvajal e de López Ferreiro. Todos baixo o paraugas do Padre Feijóo a quen Ourense honrou con estatuas, actos e concursos literarios en 1887. Vidal asina un manifesto a prol da Autonomía en 1932, pro aférrase ao rexionalismo: un galeguismo costumista, dunha cultura menor, unha alfaia familiar para uso nas festas ao son da gaita e o tamboril. Vidal, nos días do trebón de 1936 e perante a morte de tres familiares (un cuñado e dous sobriños na órbita da Falanxe), adoece; busca consolo na evocación dos anos de capelán de

Emilia Pardo Bazán en Meirás, e loa ao xeneral Franco que xa posuía aquel pazo. Ah, os nosos rexionalistas: fixeron a decrúa, conservaron o idioma; bailaron a muiñeira; viron, mais non entraron no tempo da nazón” (Carballo: 2001)” (II).



“No libro de *Conversas con Francisco Carballo* (ANT, 2002), preguntámoslle -ao outro presbítero ilustrado- por Manuel Vidal, un dos fillos sobranceiros de Maceda que se asentara en Santiago de Compostela, que presidira o acto inaugural da Irmandade dos Amigos da Fala de Santiago e que apoiara publicamente o Estatuto de Autonomía en 1932, feito relevante que o historiador macedán dera á luz. Francisco Carballo contestou: “Citeino no meu libro *La Iglesia gallega en la Galicia contemporánea* (1978). Lera a súa obra *La Salve* explicada de estudiante de Filosofía en Hortaleza. Manuel Vidal é un polígrafo: teatro, narrativa, ensaio, didáctica. Catedrático de Literatura Española no instituto de Santiago de Compostela até o seu falecemento en 1941, estendeu o seu quefacer á cidade con representacións teatrais e bos estudos sobre o Apóstolo e a Catedral. Utilizou o galego popular de Maceda en obras como *Contos d'antano e d'hogano* e *Don Porrazo*, que son xoias lingüísticas de ambiente local” (Prol / Carballa: 2002)” (III).



N.B.- Na primeira ilustración aparece a portada do libro "Manuel Vidal, un presbítero ilustrado de Maceda" (GAP, 2017) de Santiago Prol, baseada na "pentafoto" (ca. 1900) que tivo a ben cedernos a xa centenaria Concepción Requejo Domínguez (Mimí) -memoria viva de Maceda-, na segunda o debuxo do sobriño do protagonista (Pedro Vidal Lombán) sobre as Torres de Meirás (1939), na terceira inserimos un retrato de Vidal de comezos do século XX e na última outro retrato de estudio publicado na revista "Galicia" (Madrid, 1907).

